

SUXESTIÓNS 30.IV.23

- Continuamos co tempo de Pascua celebrando a alegría de Cristo Resucitado. Hoxe é o **domingo do Bo Pastor**, El é a porta que nos descobre o amor de Deus e por El entramos na vida eterna: “Eu son a porta das ovellas”.

-A igrexa celebra a xornada de **oración polas vocacións** neste día. Oramos e encomendamos que a imaxe de Cristo Bo Pastor, non falten pastores ao servizo de Deus e da súa Igrexa, nin persoas que asuman e colaboren nas tarefas pastorais da Igrexa coidando, acompañando...

- **Recortamos unha porta** para cada neno que teña unha letra, a X de Xesús grande pintada. Pegaremos a porta só polo lado dereito para que se poida abrir. Dentro da porta cada un escribirá o que Xesús representa para el: amigo, compañeiro, salvador, pastor, coidador... Pechamos logo as portas e na celebración imos abrindo cada unha das portas e ímolas explicando.

- Dámoslle a cada neno **unha ovella** que ten que pegar na misa nun mural grande onde colocamos a Xesús Bo Pastor. Ao final poderíamos dicir: *“Queremos coñecer a Xesús, amalo, seguilo sempre máis e máis, porque nunca atopamos un pastor tan bo”*.

-Tamén habería que pensar en algo para as nais, algún debuxo da internet cunha frase... En España o primeiro domingo de maio é o día da nai.

VÍDEOS Domingo 4º de Pascua, Xn. 10, 1-10

--Eu son o Bo Pastor, película:

<https://www.youtube.com/watch?v=Nvnh2iBDfcw>

-Xn. 10, 1-10, película:

<https://www.youtube.com/watch?v=vYVS35Zm2A>

Eu son o bo pastor, película: https://youtu.be/tsUAM_OlrNY

-Mans baleiras, Verbo Divino 2011, reflexión:

<https://www.youtube.com/watch?v=8HWrm7oSx-8>

-O bo, Verbo Divino 2014, reflexión:

<https://www.youtube.com/watch?v=CZ5aWi-L9MY>

-O voo da vida, Verbo Divino 2017, reflexión:

<https://www.youtube.com/watch?v=EuyPg23PIW0>

-Portas, Verbo Divino 2020, reflexión:

<https://www.youtube.com/watch?v=lyuUxN4BF68>

-Un problema de ruído, Verbo Divino 2023, reflexión:

<https://youtu.be/31HvNJV5ErE>

-Xn 10, 27-30, debuxos: https://youtu.be/pqW_FUCMJwY

-O bo pastor, debuxos: <http://youtu.be/z8SqXwaZA4M>

-O Bo Pastor, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=BmwEMyP9vog>

- O pastor e as súas ovellas, debuxos para pequenos:

<https://youtu.be/KSeXMmLfl-A>

-O rabaño de Raúl 1 e 2, un rabaño actual:

<https://www.youtube.com/watch?v=h3mhlmzKilQ>

<https://www.youtube.com/watch?v=ZsXgl98RwdA>

-O Señor é o meu pastor, Nico Montero:

<https://www.youtube.com/watch?v=yIMjQP3F8Xg>

- Xesús o meu Bo Pastor, canción: <https://youtu.be/xnHaWiEVEQc>
- Eu son o Bo Pastor”, Brotes de oliveira, canción
<https://youtu.be/vafp5Zoz9mQ>
- O Bo Pastor, Javier Brú, canción: <https://youtu.be/wxBDLTTuWOQ> -Ola Xesús, canción: <http://youtu.be/y-xyx4WYl0o>
- Lecturas en linguaxe de signos: <https://youtu.be/MsWZIXCmleo>
<https://youtu.be/QLHWIjuGVU>
- Debuxos de Fano de cada domingo:
<https://www.diocesismalaga.es/dibujos-de-fano-en-cor/>
- Lambs: <https://www.youtube.com/watch?v=9Hq9rf0XgrI> Señor, Ti es a porta para a vida

Señor, Ti es a porta para a vida

Os que temos a sorte de coñecerte, Xesús,
pasamos pola túa porta,
sabemos que es Ti o que nos ensinas o camiño.
Ti disnos como habemos de amarnos
a nós mesmos
e da mesma maneira querer os demais.

Ti lémbra-nos que temos un Pai que nos quere tanto,
que daría a vida por cada un de nós,
especialmente polos que o pasan peor ou necesitan máis.

Ti ensínas-nos que para triunfar hai que servir
e que a mellor maneira é botarse aos pés dos pobres.

Ti recoméndas-nos que acudamos a Deus
cando esteamos cansos e angustiados, que El,
sempre, nos sosegará, aliviaranos
e descansaranos de todo.

Ti entusiásmas-nos coa construción do teu Reino,

con esas relacións novas e fraternas
que cambiarían o mundo.
Ti anímasnos a vivir unha vida plena,
a saír da mediocridade,
porque Ti viñeches para que teñamos Vida en abundancia.
Ti es todo para nós, a razón da nosa existencia,
o compás da nosa viaxe, a lanterna
que ilumina o camiño,
a porta que nos leva ao encontro co Pai.

Non é posible, Señor, que alguén viva
sen gozarte,
non deixes que ningunha ovella se escape sen o teu Amor.
Mari Patxi Ayerra

